

## III Festa do Tenis de Mesa de Oroso

### 1) DATA E LOCAL DE XOGO:

A III Festa do Tenis de Mesa Concello de Oroso terá lugar nas instalacións do Complexo Deportivo Juanito Amigo situado na Rúa do Deporte s/n de Sigüeiro (Oroso) o día 06 de Decembro de 2015. Pódense atopar instrucións para chegar ás instalacións no seguinte enlace web: <http://www.orosotm.es/Paginas/localizacion.htm>

### 2) PROBAS A DESPUTAR E HORARIOS:

- **Domingo 06 de Decembro de 2015: de 10:00 a 19:00\***

\* Os horarios son orientativos a falta dos listados de inscritos definitivos. A competición poderá levarase a cabo de forma continua, sen parar ó mediodía, tentando sempre á hora de confeccionar os horarios de competición que os xogadores dispoñan dun tempo razoable para poder comer.

- ✓ Categoría Alevín\*: nados despois de 2003
- ✓ Categoría Cadete\*: nados entre 2002 e 2000
- ✓ Categoría Sub23\*: nados entre 1999 e 1993
- ✓ Categoría Absoluta Masculina: calquera idade
- ✓ Categoría Absoluta Femenina: calquera idade
- ✓ Categoría Afeccionados\*: poderán participar xogadores/as de calquera idade que non tiveran licencia federada na última tempada.

\* As categorías alevín, cadete, sub23 e afeccionados, serán probas mixtas, polo que as xogadoras federadas de categoría sub23 ou inferior, poderán elixir entre inscribirse na súa proba de idade (mixta) or participar na categoría Absoluta feminina.

\* Será necesaria a inscrición de, como mínimo, 10 xogadores/as nunha proba para que esta se dispute. De non chegarse a este mínimo, poderase facer unha proba mixta con outra categoría de idade ou traspasar estes xogadores/as á categoría de idade inmediatamente superior.

### 3) SISTEMA DE XOGO:

De ser posible, cada proba sempre que a inscrición o permita, disputarase en dúas fases: unha 1ª fase en grupos e unha 2ª fase nun cadro eliminatorio.

### 4) ARBITRAXES:

Os partidos serán arbitrados polos propios xogadores/as incluída a 2ª fase (polos xogadores que queden eliminados).

## 5) TROFEOS, PREMIOS E AGASALLOS:

Os dous primeiros clasificados de cada proba recibirán un trofeo que será entregado ó final de cada xornada de competición na correspondente entrega de premios.

Ademais a organización entregará os seguintes premios\*:

CATEGORIA	1º	2º	Semifinais	Cuartos de final
ABSOLUTA MASC	50	25	10	5
ABSOLUTA FEM	30	15	10	5
RESTO DE CATEGORÍAS	25	10	7	3

\*Vales de compra en KsasTM

## 6) INSCRIPCIONS:

O prazo de inscrición remata as **21:00 h do 02 de Decembro de 2015**.

Os xogadores ou clubs formalizarán a súa inscrición enviando un e-mail a calquera das direccións seguintes: [orosotm@orosotm.es](mailto:orosotm@orosotm.es) ou [info.orosotm@gmail.com](mailto:info.orosotm@gmail.com). Deberán facilitar os seguintes datos de cada xogador inscrito:

- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- nº de licenza e Club o que pertencen no caso de federados
- Categoría na que se inscriben

Os prezos das inscricións se detallan no seguinte cadro:

INSCRIPCIONS	TIPO DE INSCRIPCION	
	SOLO PARTICIPACIÓN (regalo 1 botella de auga)	COMPLETA*
Antes do 02 Decembro 2015	3€	8€

\* Inscrición Completa inclúe un vale canxeable na cantina da organización por: 1 auga + 1 plato ou bocadillo + 1 bebida + 1 postre ou café

As inscricións poden ingresarse antes do día 02 de Decembro de 2015 indicando no concepto o nome do xogador ou club e enviando despois o xustificante a [orosotm@orosotm.es](mailto:orosotm@orosotm.es) ou [info.orosotm@gmail.com](mailto:info.orosotm@gmail.com). En caso de ingresar varias inscricións xuntas, rogamos envíen desglose da cantidade ingresada.

**Conta bancaria para ingresos: ES16 1465 0100 9519 0016 5235 (Titular Oroso TM)**

**NON SERÁ VÁLIDA NINGUNHA INSCRIPCION SE NON SE FIXO O CORRESPONDENTE INGRESO NO PRAZO INDICADO**

*Club Oroso Tennis de Mesa*